

saCONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA

Convoco aos/ás señores/as concelleiros/as da Corporación Municipal á sesión ordinaria do **PLENO**, que terá lugar na Casa Consistorial o vindeiro día **VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE 2014**, ás **DEZASETE HORAS E TRINTA MINUTOS**, en primeira convocatoria e dous días máis tarde á mesma hora, en segunda, de non se acadar quórum de asistencia na anterior.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014 (núm. 12/14).**
- 2. Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), no ámbito da reserva de equipamento RU-10. Virxe da Cerca, 6.**
- 3. Declaración de necesaria ocupación de bens para a execución do proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre.**
- 4. Resolución de alegacións, e aprobación definitiva da Conta Xeral do ano 2013.**
- 5. Aprobación inicial, se procede, do expediente de desafectación e nova afectación da vivenda conserxe CEIP Vite I.**
- 6. Aprobación, aos efectos económicos previstos no informe de intervención municipal, do convenio suscrito pola entidade pública empresarial “Augas de Galicia”, o Concello de Santiago e a sociedade estatal “Aguas de las Cuencas de España, S.A.” para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR de Silvouta.**
- 7. Proposta da alcaldía de designación de representante do concello na sociedade Cursos Internacionais da USC e na Fundación Refuxio de Animais.**
- 8. Proposta da alcaldía de modificación da periodicidade das sesións plenarias ordinarias.**
- 9. Proposición do grupo municipal do BNG, en defensa da pluralidade e participación política e contra a reforma electoral que pretende o Partido Popular.**
- 10. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, en defensa da reforma da Lei Electoral.**

11. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.

12. Dar conta de acordos da Xunta de Goberno de datas 11 de xullo, 14 de agosto e 5 de setembro de 2014.

13. Dar conta de Resolucións da Alcaldía de delegación da competencia sancionadora e tramitación de asuntos ordinarios da área de desenvolvemento urbano e sostible.

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

15. Rogos e preguntas.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2014.

O ALCALDE,

Asdo.: Agustín Hernández Fernández de Rojas

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: DON ÁNGEL BENITO CURRÁS FERNÁNDEZ. DONA MARÍA DE LOS REYES LEIS RODRÍGUEZ. DON LUÍS MEIJIDE RODRÍGUEZ. DON JOSÉ MARÍA ROSENDE RICO. DONA MARTA GONZÁLEZ VÁZQUEZ. DON RAMÓN QUIROGA LIMIA. DON MANUEL MARTÍNEZ VARELA. DONA MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ. DON ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA. DONA MARÍA JESÚS AMPARO SÁINZ GARCÍA. DONA TERESA MARÍA GUTIÉRREZ LÓPEZ. DONA MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ.

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE: DONA MARÍA DEL MAR MARTÍN GARCÍA. DON BERNARDINO HIGINIO RAMA SEOANE. DONA MERCEDES ROSÓN FERREIRO. DONA MARTA ALVÁREZ-SANTULLANO FERNÁNDEZ-TRIGALES. DON FRANCISCO REYES SANTIÁS. DON GONZALO MUIÑOS SÁNCHEZ. DON JOSÉ A. BAQUEIRO CANABAL. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES GÓMEZ BUGALLO. DONA ROSARIO VALLEDOR PUENTE.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG: DON RUBÉN CELA DÍAZ. DONA ELVIRA CIENFUEGOS LÓPEZ. DON RAFAEL XESÚS VILAR GONZÁLEZ.

